

**XXII DUATLON ESCOLAR  
CIDADE DE SANTIAGO  
CLASIFICATORIO PROVINCIAL  
19 DE MARZO 2022**



## REGULAMENTO DA PROBA

### ORGANIZA:

Triatlón Inforhouse Santiago

Contacto: [club@triatloninforhousesantiago.com](mailto:club@triatloninforhousesantiago.com)

Concello de Santiago

Federación Galega de Triatlón e PM.

### PATROCINA E PROMOVE:

Xunta de Galicia, Secretaría Xeral para o Deporte.

### COLABORAN:

Secretaría Xeral para o Deporte, Fundación Deporte Galego, Deputación da Coruña, Abanca, Frutas Nano, Viajes Sierra, Motoclub Compostela, Train2Go, Quintena Riveira, Protección Civil e Policía Local.

### LUGAR DE CELEBRACIÓN:



#### ESTADIO MUNICIPAL VERÓNICA BOQUETE DE SAN LÁZARO

O **Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro**, situado no barrio de San Lázaro, na cidade de Santiago de Compostela (A Coruña) España. Ten capacidade para 13.000 espectadores e actualmente é feudo local do equipo de fútbol SD Compostela. Sirve ademais, como sede para diferentes entidades coma: o departamento de Deportes do Concello de Santiago, a Delegación da Federación Galega de Fútbol, a Federación Galega de Baloncesto, a Federación Galega de Caza, a Escudería Compostela, o Comité Local de Árbitros de Fútbol e o Moto Club Compostela.



## ACCESOS:



## PARTICIPANTES

Só poderán participar deportistas das categorías benxamín, alevín, infantil (masculina, feminina) inscritos no programa XOGADE na modalidade de Duatlon na provincia de A Coruña. A inscrición no programa pode realizarse a través da web <https://inscripcion-xogade.xunta.gal/>

## CATEGORÍAS

CATEGORÍAS	Ano de nacemento
Benxamín	2012 e 2013
Alevín	2010 e 2011
Infantil	2008 e 2009

## PROGRAMA:

### ENTREGA DE DORSAIS E CONTROL DE MATERIAL:

**Recollida de dorsais:** Por medio do delegado ou adestrador de cada club. Presentando a declaración responsable de cada deportista e a propia para poder acceder.

Será obrigatorio identificarse cun documento oficial con foto, **presentar a certificación de pauta completa de vacinación ou PCR/Test antixenos negativo e entregar o documento de responsabilidade individual de menores** cuberto e asinado de cada deportista.

ENTREGA DE DORSAIS	APERTURA CONTROL DE MATERIAL	PECHE CONTROL DE MATERIAL
09:00	09:15	5 minutos antes de cada saída



## HORARIOS SAÍDAS:

### Cámara de chamadas

Os/as deportistas deberán estar na cámara de chamadas 10 min antes da súa saída.

HORARIOS	CATEGORÍAS	SAÍDA A PÉ	SAÍDA BICICLETA	FIN DA PROBA APROXIMADA
10:00	Benxamín	10:00	10:05	10:15
10:30	Alevín	10:30	10:40	11:00
11:15	Infantil	11:15	11:23	11:45

## PERCORRIDOS:

CATEGORÍAS	CARREIRA A PÉ		BICICLETA		CARREIRA A PÉ	
Benxamín	400 m.	1 Volta	1.800 m.	1 Volta	200 m.	1 Volta
Alevín	800 m.	1 Volta	3.600 m.	2 Voltas	400 m.	1 Volta
Infantil	1.200 m.	1 Volta	5.400 m.	3 Voltas	600 m.	1 Volta

## ENTREGA DE TROFEOS:

CATEGORÍAS	HORA APROXIMADA DE COMEZO
TODAS	12:00

## ZONAS COMÚNS:

## PARKING RECOMENDADOS:



É recomendable acceder ao lugar do aparcadoiro antes do peche do circuíto de bicicleta que se realizará 10 minutos antes da saída da proba.




## CATEGORÍAS E CIRCUITOS

### BENXAMIN:

Carreira a pé: 1 volta (400m).



Bicicleta: 1 volta (1.800m).



Carreira a pé: 1 volta (200m).




## ALEVÍN:

Carreira a pé: 1 volta (800m).



Bicicleta: 2 voltas (3.600m)




Carreira a pé: 1 volta (400 metros).




## INFANTIL:

Carreira a pé: 1 volta (1.200m).



Bicicleta: 3 voltas (5.400m).



Carreira a pé: 1 volta (600m).





## PREMIOS:

Medallas aos tres primeiros clasificados individuais de cada categoría e sexo.

## ENTREGA DE TROFEOS:

A entrega de trofeos realizaras no Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro de 12:00 h. a 12:15h

## NORMAS DE COMPETICIÓN:

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do [Regulamento de Actividade deportiva en idade escolar](#) que edita a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

## INSCRICIÓN:

Inscripción gratuíta. (Só deportistas de alta no programa Xogade na actividade deportiva escolar de dúatlon, na provincia de A Coruña)

**Ata o martes 15 de marzo de 2022.**

Enviar folia de inscrición ( excell anexo) ao correo electrónico: [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com) con copia a [deportes.coruña@xunta.es](mailto:deportes.coruña@xunta.es) ata as 14:00 horas do martes 15 de Marzo.

## NORMATIVA XERAL:

De acordo aos protocolos preventivos [FISICOVID-DXT da FEGATRI, certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte vixente](#) , é obrigatorio:

- Manter a distancia interpersoal de 1,5 m en todo momento, antes, durante e despois da competición.
- Uso de máscara en todo momento, coa única excepción do momento da práctica deportiva.
- Evitar lugares concorridos, aglomeracións de persoas.
- Non acudir á proba en caso de presentar síntomas compatibles coa COVID-19, febre ou contacto estreito recente con positivos.
- En caso de detección, ou auto detección, de sospeita de COVID -19 no entorno da proba, seguiranse as directrices establecidas no punto 4.3 do protocolo FEGATRI.

## PROCEDEMENTO DE SAÍDA E META:

**Acreditación e recollida de dorsais - (COVID19) .-** será obrigatorio identificarse cun documento oficial con foto, **presentar a certificación de pauta completa de vacinación ou PCR/Test antixenos negativo e entregar o documento de responsabilidade individual de menores** cuberto e asinado de cada deportista.



**Saída:** Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, mantendo sempre a distancia de seguridade, e irán avanzando cara os caixóns de pre-saída segundo o vaian indicando os oficiais e persoal de organización. Ao entrar no caixón de pre-saída, cando o/a oficial o indique, os/as deportistas poderán quitar a máscara e desbotala no contedor ou bolsa habilitada nese punto a tal efecto, seguindo as instrucións dos oficiais.

**Chegada a Meta:** unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de post-meta, onde primeiramente se lles fará entrega dunha máscara que deberán colocar inmediatamente, e pasarán a avituallarse e saír da zona de post-meta coa súa bicicleta.

Todo o procedemento farase nun único sentido de circulación, e mantendo sempre a distancia de seguridade co resto de deportistas e persoal da proba.

**Abandono da sede:** unha vez finalizada a participación deberase recoller a bicicleta abandonar a zona de competición, evitando aglomeracións ou reunións grupais tanto antes como despois do evento.

#### **CRONOMETRAXE:**

Haberá cronometraxe con chip, farase entrega co dorsal, os cales serán devoltos integramente ao finalizar a carreira.

#### **NORMAS DE COMPETICIÓN:**

A carreira rexerase segundo as normativas vixentes do programa XOGADE para a especialidade de Dúatlon e o Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI e a FETRI.

Os nenos e nenas deberán identificarse con documento oficial con foto Para as categorías benxamín e alevín, estarán permitidos os minifreos nas bicicletas, unha vez que se revise que a súa colocación non infrinxe a seguridade para deportistas e resto de participantes.

A seguridade na vía pública será responsabilidade do corpo da Policía Local e Protección Civil, en coordinación coa organización da proba; no obstante todo participante respectará as normas de Circulación e Seguridade Viaria.

Os vehículos motorizados, bicicletas ou patinadores que non pertencen a organización non poderán transitar polos circuítos da proba. Aqueles que realicen o seguimento das probas, levarán unha identificación visible en todo momento. O feito de recibir axuda externa distinta da que aporta a organización ou facerse acompañar por algún vehículo, bicicleta, patinador ou corredor suporá a descalificación do participante.



## AMBULANCIA E MÉDICO:

A ambulancia asistencial e o médico estarán situados na porta 1 do Estadio de San Lázaro, zona de Tribuna.

Calquera vehículo de emerxencia que precise utilizar o percorrido de ciclismo para circular poderá facelo indicando a súa posición mediante sinais luminosas e sonoras. En tódolos casos o vehículo terá preferencia sobre triatletas, polo que estes lle deberán ceder o paso.

## SEGURO DE ACCIDENTE:

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está disponible no programa Xogade, na páxina web [www.deporteescolargalego.com](http://www.deporteescolargalego.com). Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á poliza do seguro é aberto. Lembrar que todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidentes deportivos.

## RECLAMACIÓN E APELACIÓN

Segundo o regulamento oficial de competición anexo FEGATRI.

## CIVISMO E RESPECTO:

Os/as participantes a través dos seus responsables, aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométese honestamente a non anticiparse ao momento da saída e a cubrir tódolos tramos completos antes de cruzar a liña de meta. Así mesmo, manifestan ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes.

Comprométese tamén a tratalo material deportivo propio e alleo con respecto. No incumprimento dalgunha destas normas cívicas será proposto por parte da organización os/as xuíces e oficiais para que sexa motivo de amoestación de acordo ao regulamento deportivo. Incídese no respecto absoluto e a observancia das normas de circulación e de seguridade viaria, co fin de evitar situacións perigosas que carreen danos irreparables tanto para o deportista como para terceiros.

## NOTA:

A organización resérvase o dereito de modificar, comunicándoo previamente a interesados/as, calquera aspecto do presente regulamento co único obxectivo de mellorar o desenvolvemento do mesmo.

